



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

Propostas para as eleccións municipais 2015



Rede
Social
Galicia Sur



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



Rede
Social
Galicia Sur

PROPOSTAS DA COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO E DA REDE SOCIAL GALICIA SUR

ELECCIÓNIS MUNICIPAIS 2015

MOTIVACIÓN

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento é unha plataforma que representa, actualmente, 43 entidades de ámbito galego que traballan no eido da cooperación ao desenvolvemento, a educación para o desenvolvemento, a defensa dos dereitos humanos e a axuda humanitaria.

A Rede Social Galicia Sur é unha plataforma que aglutina a organizacións de Vigo e bisbarra que traballan tanto nos países do Sur como en Galicia pola xustiza social e por acadar un mundo máis xusto, equitativo e sostible para toda a cidadanía.

As entidades que formamos parte da Coordinadora e da Rede achegamos as nosas propostas para as eleccións municipais de maio de 2015 por distintos motivos:

- Cremos que os gobernos de todos os niveis deben responder de forma conxunta ás causas e consecuencias globais e domésticas da pobreza, as desigualdades e a insostibilidade ambiental. Outro desenvolvemento é posible e isto pasa, entre outras cuestións, por defender unha fiscalidade xusta e promover un cambio dos modelos de produción e consumo de bens e servizos. A administración local, a máis próxima ás persoas, ten un papel fundamental para que a premisa de actuar localmente e pensar globalmente sexa unha realidade.
- A cooperación ao desenvolvemento é unha política pública social fundamental para loitar contra pobreza e as desigualdades xa que traballa en prol dos dereitos humanos e a dignidade das persoas a través da promoción dun desenvolvemento humano sostible.
- O benestar e o desenvolvemento dos pobos están interrelacionados: os esforzos no ámbito local teñen repercusión a escala global, e viceversa. Por este motivo, os gobernos locais teñen unha obriga ética ineludible de contribuír á construción dun mundo máis xusto. Acabar coa pobreza e as desigualdades e garantir o cumprimento dos dereitos humanos é posible e esixe o esforzo coordinado de todos os niveis de goberno.
- O ano 2015 é clave no ámbito local, estatal e internacional. Ademais dos distintos procesos electorais, en 2015 pecharase a nova axenda internacional para o desenvolvemento, a chamada Axenda Post-2015. O prazo que se deron os 186 países asinantes da Declaración do Milenio remata en 2015 sen que os Obxectivos do Milenio (ODM), se teñan acadado de forma satisfactoria: erradicar a pobreza extrema e a fame; lograr a educación primaria universal; promover a igualdade entre sexos e o



empoderamento das mulleres; reducir a mortalidade infantil dos nenos e nenas menores de 5 anos; mellorar a saúde materna; combater o VIH/SIDA, a malaria e outras enfermidades; garantir a sostenibilidade do medio; e fomentar unha alianza universal para o desenvolvemento.

Dende hai varios anos, no marco das Nacións Unidas estase a elaborar unha nova proposta para erradicar a pobreza e as desigualdades en todo o mundo baseada nun novo modelo de desenvolvemento incluínte e sostible. Nacida da aprendizaxe dos erros dos ODM, a nova Axenda Post-2015 establecerá obxectivos que involucren a todos os países, sendo unha oportunidade histórica de cambio real da que os gobernos locais non poden desvincularse.

Por todo isto, pedimos aos próximo gobernos municipais unha serie de medidas que expoñemos a continuación.



MEDIDAS CONCRETAS NO EIDO DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

1. Recoñecemento da política de cooperación ao desenvolvemento como unha política municipal pública e social fundamental na loita contra as causas e consecuencias da pobreza e as desigualdades. A cooperación ao desenvolvemento local tamén debe ser unha política municipal fundamental para conseguir unha cidadanía crítica, activa e solidaria en todas as vilas e cidades de Galicia a través da promoción da transformación social e o fin das inxustizas sociais. Isto pasa, tamén, por apostar decididamente pola Educación para o Desenvolvemento.

**Englobamos neste eixo todas as medidas ligada a cooperación local para o desenvolvemento que son o eixo común de traballo das 43 ONGD que conformamos a Coordinadora Galega de ONGD.*

1.1 Impulsar a creación de espazos de participación real e efectiva da sociedade civil no deseño e posta en marcha das políticas de cooperación ao desenvolvemento, así como crear mecanismos de información, transparencia e rendición de contas axeitados. Apostar, polo tanto, polo fortalecemento da democracia dende o ámbito local. Neste eixo, demandamos que os partidos rexeiten de forma contundente a reforma local impulsada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

1.2. Garantir dotacións orzamentarias suficientes para o desenvolvemento das políticas municipais de cooperación ao desenvolvemento. **Para isto, deberán incrementarse as dotacións actuais ata chegar a unha dedicación mínima dun 0,2% dos orzamentos xerais consolidados durante o próxima lexislatura.** Deste xeito, poderase conseguir un crecemento gradual cara ao obxectivo do 0,7%.

1.3. Promover que todos os Concellos e Deputacións se asocien ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL). O FOGACOSOL é un actor estratéxico da cooperación local galega e debe ser tamén o organismo onde concentrar a suma da vontade solidaria dos diferentes entes locais galegos.

1.4. As sete grandes cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo) e as Deputacións deben ser exemplo dunha aposta decidida pola cooperación local. Isto pasa porque as grandes cidades galegas e as Deputacións garantan convocatorias abertas en concorrencia competitiva para a posta en marcha de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e de Educación para o Desenvolvemento en alianza co tecido asociativo da cidade e da provincia.



MEDIDAS TRANSVERSAIS DE PROMOCIÓN E DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS

2. Impulsar a coherencia de políticas na acción municipal para loitar de forma efectiva contra a pobreza, as desigualdades e a insostibilidade ambiental. Isto implica integrar a perspectiva do desenvolvemento humano no deseño, execución e avaliación de todas as políticas que se levan a cabo dende a administración local.

**Englobamos neste eixo todas as propostas ligadas a ámbitos non relacionados estritamente coa cooperación ao desenvolvemento que as ONGD consideramos necesarias para loitar de forma efectiva e integral contra a pobreza dende a acción municipal. Ademais, estas propostas conforman algún dos ámbitos de “especialidade” e experiencia das ONGD que integran a Coordinadora Galega de ONGD e a Rede Social Galicia Sur, máis aló da cooperación ao desenvolvemento.*

2.1. Promover o **comercio xusto e o consumo responsable** entre a cidadanía e ao interno dos propios concellos. Farase a través de **campañas de sensibilización, a promoción e oferta deste produtos nas instalacións públicas dependentes dos concellos, e tamén a través da compra pública ética.**

Na compra pública ética inclúense, entre outros, criterios de electrónica ética, alimentos ecolóxicos e de proximidade, materiais de construción local, madeira certificada nas convocatorias de licitacións por equipos ou obras, etc.

2.2. Fomentar os **servizos bancarios e financeiros de banca ética** e cooperativas de crédito como Fiare Galiza, Coop-57, A.I.S. O Peto, Caixa Rural, Tríodos Bank...entre a cidadanía e nos propios Concellos.

2.3. Fomentar e apoiar **iniciativas da economía social no eido local que primen ás persoas por riba do capital** e que se xestionen de forma autónoma, transparente, democrática, participativa e ligada ao entorno.

Isto implica fomentar a filosofía da economía social, apoiar a creación de empresas de economía social e/ou apoiar redes de comercialización de empresas de economía social entre Galicia e os países empobrecidos.

2.4. Garantir o **respecto dos dereitos humanos de persoas de distintos colectivo e culturas**, especialmente os que están formados por persoas migrantes que se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade.

2.5. Adoptar medidas reais e efectivas para **eliminar a discriminación por motivos de xénero, etnia, idade, orientación sexual, etc. e promover a igualdade de dereitos e**



oportunidade entre homes e mulleres. Entre outros, a través de plans de igualdade no ámbito local que promovan a conciliación persoal e laboral. Tamén coa inclusión de criterios de valoración das ofertas para subcontratación de servizos da administración local que primen as propostas que promoven a equidade e a igualdade. No ámbito da cooperación ao desenvolvemento, garantir a canalización de fondos orientados a acabar coa feminización da pobreza e a promover o empoderamento das mulleres.

2.6. Establecer directrices para **loitar de forma efectiva contra o cambio climático**, con campañas de educación ambiental e boas prácticas dirixidas á cidadanía e medidas para redución dos gases de efecto invernadoiro a través das seguintes medidas:

- **establecer un obxectivo de redución de, a lo menos, un 20% no consumo de enerxía ao final da lexislatura** respecto ao comezo da mesma, a través de políticas de aforro, eficiencia e xestión da demanda, e aumentar a xeración con enerxías renovables en detrimento das fósiles, fixando obxectivos concretos verificables para cada tipo
- promover o concepto de espazos para as persoas, con modelos de planificación urbanístico que devolvan o espazo público ás persoas
- promover espazos peonís na cidade
- elaborar e poñer en marcha **Plans de Mobilidade Sostible** integrados no desenvolvemento das áreas metropolitanas, que faciliten o acceso ao transporte público e que fomenten o transporte non motorizado en zonas urbanas, limitando o uso do transporte privado e a redución do tráfico.
- promover experiencias en bioconstrución con materiais locais para mobiliario urbano e outras construcións
- establecer **instrumentos e medidas que incentiven a redución, a reutilización e o reciclado de residuos por esta orde.** Apostar pola compostaxe como a solución máis viable para a xestión da materia orgánica, implantando plans de compostaxe municipais e campañas de sensibilización, acadando ao final da lexislatura unha participación do 40% da poboación nestes programas; rexeitar todo proxecto de incineración posible; e poñer en marcha medidas correctoras na recollida municipal do lixo que faciliten ese cambio de modelo de xestión
- establecer mecanismos efectivos que supoñan unha maior esixencia aos concellos para que cumpran co seu deber de garantir o **dereito cidadán a un aire saudable, mediante políticas activas de medición e control das emisións en transportes, calefaccións e procesos industriais**

2.7. En aplicación do **dereito humano á auga**, pedimos a implementación da xestión do subministro con criterios de calidade, equidade social nas políticas tarifarias, boa gobernanza e transparencia. Para iso, resulta fundamental garantir:



- Unha dotación mínima (no contexto mundial está entre 60 e 100 litros por persoa e día) e o compromiso de non cortar o subministro en caso de que se dean casos de impagos xustificadamente socialmente.
- Como en calquera servizo básico, non lle chega con asegurar o acceso. É preciso promover novas formas de control social e de democracia participativa que garantan transparencia e participación cidadá efectiva e proactiva, tal e como estableceu á Convención de Aarhus, trasposta á normativa europea pola Directiva 2003/35/CE, de 26 de maio de 2003, e á normativa española pola Lei 27/2006, de 18 de xullo, reguladora dos “dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente”. **No eido da auga, consideramos que a administración local ten un papel principal na boa gobernanza e transparencia.**
- Establecemento dunha batería de indicadores significativos para os distintos ámbitos da xestión (técnicos, financeiros, sociais, ambientais, patrimoniais), accesibles a través de internet, comprensibles para a cidadanía e que se cumpran sexa quen sexa o provedor de servizos (empresas públicas, mixtas ou privadas).
- Compromiso de impulsar campañas de fomento da auga de "billa" e de consideración da auga embotellada como unha opción de consumo a través de información sobre os impactos ecolóxicos relacionados. Farase a través de iniciativas de información públicas de consumo de auga de billa e de bos hábitos no uso da auga; dun maior esforzo para garantir a calidade da auga; da utilización da auga da billa en centros públicos e, por defecto, en actos públicos da administración local; e da mellora das redes de fontes públicas de auga potable.

2.8. No eido das tecnoloxías de información e comunicación (TIC), consideramos que o **software libre debe ter un papel predominante nas estruturas TIC das administracións locais**. Para iso, se elaborarán plans de soberanía dixital municipal onde se contemple a progresiva implantación de software libre nos equipos de xestión das administracións, acompañadas de formacións e actualización pertinentes ao persoal contratado. En 4 anos, se acadará polo menos un 50% de uso de software libre (incluíndo subcontratas de servizos TIC, mesmo aplicacións específicas para a administración en cuestión), o cal **redundará no aforro en licenzas de programas privativos, ademais da redución da dependencia tecnolóxica da administración local. Tamén terá efecto sobre a potenciación do tecido local de empresas** de servizos para o desenvolvemento e mantemento das infraestruturas TIC.

Ademais, todo software desenvolvido directamente por algún servizo dependente dos concellos, ou ben indirectamente a través dunha contrata, ten que ser de software libre. Deste xeito, as ferramentas informáticas desenvolvidas para as necesidades dos concellos

son tamén postas a disposición da sociedade.

2.9. Na acceso á enerxía, outro dos servizos básicos para unha vida digna, compromiso coa **erradicación da pobreza enerxética** ante as normativas de carácter autonómico e nacional.

Promoveranse axudas compensatorias nesta liña nos casos de impago xustificado socialmente, tratando de eliminar os casos de corte de subministro eléctrico e de gas por razóns de vulnerabilidade social, especialmente nos casos de unidades familiares monoparentais e/ou con menores de idade. Ademais, incluírase nas posibles axudas a reformas e novas construcións (e nos pregos de condicións para obras da administración local) **criterios de eficiencia enerxética** (superando aos xa incluídos na lexislación vixente) e **facilidades para o auto abastecemento enerxético a baixa escala** a partir de tecnoloxías que xa existen coa promoción de axudas e ordenanzas reguladoras correspondentes explorando os límites que permiten as leis.

Tamén se promoverá o “asociacionismo enerxético” como poden ser as cooperativas de consumo de enerxías renovables (promovendo que as propias institucións da administración local participen nelas). Levaranse a cabo campañas de consumo responsable de enerxía nas propias institucións, mediante boas prácticas. Ademais, traballarase para declarar ao concello “100% autosuficiente enerxicamente” (cando se produce máis da que se consume) e, idealmente, “concello 100% autosuficiente de enerxías renovables”. Todo isto respectando escrupulosamente a planificación urbanística correspondente ás zonas sensibles a determinados tipos de infraestruturas de xeración de enerxía.

2.10. Promocionar ordenanzas a prol de circuitos **curtos de comercialización para produtos alimentarios locais, especialmente artesanais e ecolóxicos**; patrocinar o consumo consciente, san e de proximidade. Apoio a través de formacións e obradoiros a persoas produtoras locais sobre algúns condicionantes de seguridade alimentaria e etiquetaxe dados pola lexislación actual, que está de costas a este tipo de produtos.

2.11. Declaración de **concello libre de transxénicos**. O concello rexeitará que se experimente e se cultiven este tipo de cultivos nos seus terreos. Actualmente, son unhas poucas empresas multinacionais as que se benefician da industria da manipulación xenética de alimentos, de xeito que se promove un modelo de desenvolvemento económico non baseado no beneficio social e ambiental. Este tipo de cultivos, que contan con sementes con patente, interactúan co resto de cultivos (e das persoas) sen que se coñezan as consecuencias do seu cultivo e consumo na saúde dos corpos e da terra.

Ademais, o concello promoverá e facilitará a produción de variedades endóxenas (con feiras de sementes, formacións a labregos e labregas e/ou convenios con centros de investigación



como a Misión Biolóxica de Galicia).

2.12 Promoción de **actividades de cara a formación de cidadanía crítica e responsable**, concienciada coas problemáticas globais (que afectan ás sociedades do Norte e do Sur empobrecido). Para iso poñeranse en valor as infraestruturas (moitas delas moi pouco utilizadas durante gran parte do tempo, como pavillóns, centros socioculturais, teleclubes, bibliotecas, casas do pobo ou outras construcións de propiedade da administración local) para desenvolver actividades que estimulen a reflexión, a crítica, a creatividade, o "faino ti mesm@". Tamén se facilitará o asociacionismo.

2.13. Promoción do **acceso aberto e a transparencia radical** en datos públicos, con acceso sinxelo tamén a datos de estatísticas municipais (incluíndo datos en bruto que facilite a elaboración de investigacións), sen esquecer a **facilidade de acceso para persoas con discapacidade** (páxinas web que cumpran os estándares para persoas con problemas de visión, e posibilidade de acceso para persoas cegas con "lectores de pantalla").

2.14. Aplicación efectiva da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; e mellora da normativa a nivel municipal, incluíndo **a obrigação da administración pública local de publicar o reparto da publicidade institucional entre os medios de comunicación** (cántos anuncios se conceden a cada medio e a qué prezos se paga). Deste xeito, a cidadanía podería comprobar que se adxudican os recursos baixo criterios obxectivos, como a audiencia, e que non existe trato de favor ou de castigo a determinados medios de comunicación.

2.15. Recuperar as iniciativas municipais de Internet sen cables que asegure un mínimo acceso á rede a toda a veciñanza. Tamén se participará nos grupos de negociación e presión coas operadoras para pechar a **fenda dixital** en Galicia (incluíndo iniciativas de redes alternativas). É especialmente importante a promoción da alfabetización dixital da cidadanía, no que tamén ten un papel importante a administración local.

2.16. Garantir un hábitat digno e axeitado para a cidadanía, a través de políticas municipais como as **axudas para vivendas sociais, rehabilitación de vivenda para alugueiro social**. O obxectivo é acabar tamén cos problemas de infravivendas a través dun traballo integral que estableza mecanismos dentro dos concellos para evitar os desafiuzamentos.

2.17. Novos modelos de **xestión social do hábitat**, na que a cidadanía poida opinar e expoñer problemas e solucións sobre a vila ou cidade. A aposta institucional por modelos de vilas e cidades intelixentes debe responder tamén a aspectos de intelixencia social e emocional e non só aos tecnolóxicos. Unha cidade intelixente é aquela que respecta e inclúe a diversidade e os valores de identidade da contorna.



MEDIDAS ESPECÍFICAS DE POLÍTICA SOCIAL PARA O CONCELLO DE VIGO

3.1. Garantir o **dereito real e efectivo á sanidade universal**, adoptando medidas que, no eido municipal, restitúan a cobertura sanitaria a todas as persoas e contrarresten os efectos negativos do Real Decreto-Lei 16/2012, prestando especial atención a colectivos vulnerables como mulleres, menores ou persoas inmigrantes.

3.2. Consideración dos **recursos económicos destinados a políticas sociais** como «investimento social» que fortaleza os servizos sociais públicos, corrixa as desigualdades, reduza os efectos da crise e evite a cronificación da pobreza. Por iso deberá garantirse unha dotación orzamentaria suficiente para:

-poñer en marcha unha **política eficaz de promoción e empoderamento das persoas**.

-**transferir os recursos económicos** que permitan ás persoas manter unha vida digna, satisfacendo as necesidades básicas de alimentación, aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

3.3. **Incremento dos traballadores/as sociais dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos**, para o cumprimento do ratio establecido no Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula estes servizos e que establece como referencia a seguinte relación para as áreas urbanas: 1 traballador/a social por cada 8.000 habitantes.

No caso específico do **Concello de Vigo** este ratio é de máis do dobre (1 traballador/a social por cada 17.500 habitantes), provocando o colapso dos Servizos Sociais que non poden dar unha resposta áxil e de calidade aos problemas sociais que presenta a cidade nestes momentos.

3.4. Cumprimento da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que no seu artigo 60.1 recolle como competencia dos Concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, "a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais".

En atribución desta competencia **promoverase e consituirase unha Mesa Técnica pola Inclusión Social** que aglutine, por unha banda, ao persoal técnico responsable dos servizos sociais básicos e dos programas específicos municipais cuxo obxectivo é a loita contra a exclusión social e, por outra banda, ao persoal técnico responsable das entidades de iniciativa social que no municipio de Vigo desenvolven actuacións e proxectos dirixidos a



fomentar a inclusión social das persoas e colectivos en situación ou grave risco de exclusión.

3.5. Propostas que faciliten a **mellora na coordinación das administracións municipais entre si e coas entidades do terceiro sector para levar a cabo políticas sociais eficaces**. Especialmente deben manter unha **comunicación fluída entre departamentos** que permita un intercambio de datos e documentos co obxectivo de **facilitar e axilizar á cidadanía a tramitación de axudas sociais** como a RISGA e outras axudas de inclusión social e cumprir os prazos que marca a normativa vixente, tal e como lle instou o propio Parlamento Galego en sesión de 10 de xuño de 2014 á Xunta de Galicia e aos concellos.

*Para calquera dúbida ou información complementaria podedes poñervos en contacto connosco:

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
Rúa dos Basquiños, 33 1ºA 15704 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 585 189 / 618 626 627
proxectos@galiciasolidaria.org
sensibilizacion@galiciasolidaria.org

Rede Social Galiza Sur
Teléfono: 681 040 076 / 610 560 756
info@redesocialgaliciasur.org